

MATERIA

Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa

TITULACIÓN

Grao en Lingua e Literatura Inglesas

unidade
didáctica
3

Técnicas de escritura da lingua inglesa: ensaíos discursivos

Daniela Pettersson-Traba

Iván Tamaredo Meira

Paloma Núñez-Pertejo

Área de Filoloxía Inglesa

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-61-6

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595616>

MATERIA: Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa

TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Inglesas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Descricións

Xente

Lugares

Obxectos

Eventos e cerimonia

Unidade II. Narracións

Unidade III. Ensaos discursivos

Ensaos a favor e en contra

Ensaos de opinión

Ensaos suxerindo solucións a problemas

Unidade IV. Cartas

Cartas de solicitude

Cartas de queixas e suxestión

Cartas de desculpa

Cartas informativas

Cartas de opinión

Cartas de transacción

Unidade V. Informes

Informes de avaliación

Informes de enquisa

Informes de proposta

Informes descritivos

Unidade VI. Artigos e recensións

Artigos periodísticos

Artigos científicos

Recensións



ÍNDICE

PRESENTACIÓN

1. Requisitos e recomendacións
2. Xustificación

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia
2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

CONTIDOS

1. Ensaos a favor e en contra
2. Ensaos de opinión
3. Ensaos suxerindo solucións a problemas

METODOLOXÍA

AVALIACIÓN

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

ANEXO



PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica está dedicada á aprendizaxe de técnicas de escritura en inglés como lingua estranxeira, particularmente no relativo á escritura de ensaios discursivos. Forma parte da materia *Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa* (G5061321), materia obrigatoria de 6 créditos do 3º curso do Grao en Lingua e Literatura Inglesas (G5061V01) da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A duración da materia é de 48 horas, a razón de 3 horas semanais para cada estudante, 2 expositivas e 1 interactiva. A unidade didáctica terá unha duración aproximada de 18 horas, 12 horas de carácter expositivo e 6 de carácter interactivo. A unidade didáctica céntrase nas técnicas necesarias para redactar con éxito diferentes tipos de ensaios discursivos cos que o alumnado se atopará ao longo da súa vida académica. Do mesmo xeito, as técnicas que aprenderán os estudantes tamén están estreitamente ligadas á escritura doutros traballos académicos, como poden ser os Traballos de Fin de Grao e Mestrado. Por esta razón, a presente unidade didáctica é de gran relevancia para o alumnado que queira especializarse en lingua ou literatura inglesa.

1. Requisitos e recomendacións

A materia *Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa* impártese integramente en inglés, tanto as sesións expositivas como as interactivas. Todas as tarefas, actividades, intervencións e exames levados a cabo serán realizados en inglés, polo que se require un nivel oral e escrito desta lingua equivalente ao B.2.2 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*. Para un maior aproveitamento da materia, é recomendable cursar de xeito simultáneo a materia optativa de 3º curso *Introdución ao Inglés para Fins Académicos* (G5061443), xa que as dúas tratan contidos relacionados coa escritura en lingua inglesa dende diferentes puntos de vista e de maneira complementaria.

2. Xustificación

Esta materia é unha das vinte que conforman o bloque obrigatorio *Maior en Lingua e Literatura Inglesas* (G5061M02), cun total de 120 créditos ECTS, que abrangue materias tanto de lingüística como de literatura da área de Filoloxía Inglesa. Dentro deste bloque, a materia *Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa*, xunto con *Técnicas de Expresión Oral en Lingua Inglesa* (G5061421) e *Lingua Inglesa 3* (G5061221), é fundamental para acadar as destrezas necesarias en lingua inglesa, xa que entre as tres abranguen as catro competencias lingüísticas básicas: comprensión e expresión escrita, é dicir, lectura e escritura, e comprensión e expresión oral, isto é, fala e escoita. Estas tres materias son especialmente relevantes dentro do módulo *Maior en Lingua e Literatura Inglesas*, xa que para acadar a especialización en lingua e literatura inglesas é preciso que o alumnado conte cun nivel avanzado nas competencias orais e escritas. Só deste xeito poderán os estudantes escribir e comprender textos avanzados, como os de carácter literario, e comunicarse con éxito en inglés en contextos tanto informais como nos de índole máis académica.

OBXECTIVOS

A continuación, descríbense e enuméranse os obxectivos xerais da materia, así como os obxectivos específicos da presente unidade didáctica:

1. Obxectivos xerais da materia

O obxectivo principal da materia *Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa* é o de adquirir as competencias necesarias para redactar textos de carácter xeral en inglés, cunha estrutura axeitada para o propósito de cada texto e parágrafos claros e dunha lonxitude apropiada. O punto de partida é a necesidade de comprender o papel crucial que ten o contexto situacional e o lector no acto de escritura. A materia ten unha dobre vertente na que, en primeiro lugar, se terá en conta a escritura como proceso en curso, ao servizo dunha finalidade concreta e constituído por varios pasos claramente diferenciados, é dicir, a busca de información e organización e estruturación previa da mesma, a redacción de texto en formato de borrador e, finalmente, a edición e revisión ata acadar o resultado desexado. En segundo lugar, trataranse algúns dos aspectos básicos da escritura académica en inglés: a unidade do parágrafo e coherencia, técnicas de cohesión, modelos de parágrafo, textura no discurso, etc. Mediante a evolución dende un estilo privado e subxectivo a un máis obxectivo, o alumnado desenvolverá a súa capacidade para abordar temas diversos, o seu pensamento crítico e o seu sentido da audiencia e do propósito do texto que están a escribir. Polo tanto, entre os obxectivos xerais da materia figuran os seguintes:

- Consolidar as estruturas gramaticais, morfolóxicas, léxicas e discursivas necesarias para escribir sen dificultade no nivel de referencia avanzado.
- Aprender e practicar técnicas de escritura en lingua inglesa para a redacción de textos tanto de carácter xeral como específico.
- Adquirir unha visión da escritura non só como produto final, senón tamén como proceso, partindo dunhas ideas e propósitos concretos que dependerán do tipo de texto co que se está a traballar.
- Desenvolver un estilo de escritura máis obxectivo e impersoal adaptado a rexistros formais.
- Familiarizarse cos aspectos básicos da escritura académica en inglés.

2. Obxectivos específicos da unidade didáctica

De todos os tipos de textos que se tratarán nos contidos da materia *Técnicas de Expresión Escrita en Lingua Inglesa*, a presente unidade didáctica céntrase nas técnicas de escritura de ensaios discursivos. O principal obxectivo da unidade didáctica é, polo tanto, adquirir e consolidar as técnicas de escritura destes textos en lingua inglesa que permitan ao alumnado recoñecer como se estruturan e organizan os distintos tipos de ensaios, partindo da identificación das similitudes e diferenzas entre eles. De xeito máis concreto, con esta unidade didáctica preténdese:

- Conseguir escribir con fluidez ensaios discursivos nun nivel de referencia avanzado, empregando para este fin as estruturas gramaticais, morfolóxicas, léxicas e discursivas axeitadas para este tipo de textos.
- Familiarizarse coa forma na que se organiza a información en cada un dos tres tipos de ensaio discursivo—a favor e en contra, de opinión e de suxestión de solucións a problemas— para así adecuar a redacción aos diferentes propósitos de cada un deles.

- Empregar os métodos e técnicas aprendidas no que atinxe á escritura de ensaios discursivos en inglés para a redacción doutros traballos académicos, incluíndo os Traballos de Fin de Grao e Mestrado.

CONTIDOS

Neste apartado, preséntase unha breve descrición dos tres bloques ou subapartados que se tratan na unidade didáctica, así como dos contidos básicos que se traballarán durante o desenvolvemento da mesma. Como xa se explicou con anterioridade, a unidade didáctica céntrase na aprendizaxe e práctica de técnicas de escritura de ensaios discursivos en inglés. Para este fin, o profesorado fai unha breve introdución xeral na que se explica que son os ensaios discursivos e como se diferencian doutros tipos de ensaios. Ademais, préstase tamén especial atención ás características comúns dos tres tipos de ensaios discursivos no que se refire á estruturación en introdución, corpo principal e conclusión, así como no estilo e formato dos mesmos. Despois da introdución, veranse en detalle os distintos tipos de ensaios discursivos, tratando de esclarecer de forma máis concreta as diferenzas e similitudes entre eles.

En termos xerais, un ensaio discursivo constitúe unha peza de texto formal na que o autor trata un asunto, cuestión, situación ou problema concreto e específico. É de suma importancia que o texto se organice de forma coherente, empregando para isto unha estruturación en parágrafos axeitada e lóxica. Os parágrafos dos ensaios discursivos adoitan conter unha oración temática que resume os contidos presentes neles. Asemade, cada parágrafo debe incluír tamén unha xustificación clara e concisa para cada punto presentado, ou ben en forma de exemplo ou de explicación que sustenta o argumento. No que segue a continuación, descríbense os tres diferentes tipos de ensaios discursivos nos que se centra a unidade didáctica: ensaios a favor e en contra, ensaios de opinión e ensaios suxerindo solucións a problemas. Finalmente, inclúese unha táboa na que se pode discernir a estruturación específica de cada un dos tres tipos.

1. Ensaos a favor e en contra

Os ensaios de tipo a favor e en contra presentan os dous puntos de vista dunha cuestión ou argumento, tratando, polo tanto, tanto os puntos a favor como aqueles en contra dun tema específico. Dito doutro xeito, nun ensaio destas características trátanse, no corpo principal do texto, por un lado as vantaxes e por outro as desvantaxes de forma imparcial e obxectiva. Para obter unha maior obxectividade, é crucial que as dúas perspectivas do argumento sexan presentadas en igual detalle. Ademais, cada un dos argumentos introducidos debe ser debidamente xustificado con razóns ou exemplos explícitos. Debido á relativa neutralidade deste tipo de ensaio, o punto de vista do autor non debe ser reflectido ata o parágrafo final.

2. Ensaos de opinión

Ao contrario dos ensaios a favor e en contra, os de opinión presentan o punto de vista persoal do autor que debe ser explicitamente exposto xa no parágrafo introdutorio e logo debidamente xustificado no corpo principal do texto. Para isto, débese empregar distintos exemplos e razóns que apoiem a opinión do autor/a nos parágrafos principais. Aínda que este tipo de ensaios supón unha maior subxectividade, os argumentos do autor deben evitar o uso de exemplos da vida persoal do mesmo, así como vocábulos demasiado emotivos e expresións coloquiais. Ademais, no parágrafo anterior á conclusión, débese presentar o punto de vista contrario ao do escritor mostrando por que esta posición debe ser refutada. Finalmente, na conclusión, a opinión do autor e algunha das súas xustificacións deben ser resumidas brevemente.

3. Ensaos suxerindo solucións a problemas

Nos ensaios denominados ‘suxerindo solucións a problemas’, o alumnado tratará un ou varios problemas asociados a unha situación ou cuestión particular. Unha vez analizados o/s problema/s a tarefa é a de buscar e suxerir solucións nos parágrafos que constitúen o corpo principal do ensaio, xunto cos resultados e consecuencias que se esperan acadar. As suxestións deben ser sempre o mais realistas posible e o proceso para alcanzar os resultados debe ser exposto de maneira precisa e evidente. Na conclusión, pódese —aínda que non é obrigatorio— incluír o punto de vista persoal do autor sobre o tópico tratado nos parágrafos anteriores.

De forma esquemática, a seguinte táboa resume a estrutura básica dos tres distintos tipos de ensaio descritos aquí enriba:

Táboa 1: Resumo da estruturación dos tres distintos tipos de ensaios discursivos (adaptado de Evans 2000: 55)

Ensaos a favor e en contra	Ensaos de opinión	Ensaos suxerindo solución á problemas
<i>Introdución</i> (parágrafo 1) Exposición do tema (sen expresar a opinión persoal)	<i>Introdución</i> (parágrafo 1) Exposición do tema incluíndo a opinión persoal	<i>Introdución</i> (parágrafo 1) Exposición do/s problema/s e as súas causas e consecuencias
<i>Corpo principal</i> Argumentos a favor e xustificacións (parágrafos 2-3) Argumentos en contra e xustificacións (parágrafos 4-5)	<i>Corpo principal</i> Punto de vista persoal e xustificacións (parágrafos 2-4) Punto de vista contrario e razón de refutalo (parágrafo 5)	<i>Corpo principal</i> Suxestións para resolver os problemas e resultados esperados (parágrafos 2-5)
<i>Conclusión</i> (parágrafo final) Visión equilibrada do tópico e opinión persoal	<i>Conclusión</i> (parágrafo final) Reafirmación da opinión persoal	<i>Conclusión</i> (parágrafo final) Resumo de opinión persoal

METODOLOXÍA

Como xa se mencionou con anterioridade, as clases serán integramente en inglés. A unidade didáctica terá un carácter tanto práctico como teórico. As clases expositivas estarán dedicadas á parte máis teórica da unidade. Nelas o profesorado encargárase de familiarizar ao alumnado cos contidos da unidade, proporcionándolles a información e os recursos necesarios para a correcta comprensión do temario. Nas sesións interactivas desenvolverase a parte máis práctica da unidade didáctica. Estarán enfocadas principalmente á realización de tarefas e actividades orais e escritas, análises de textos etc., para as que é moi importante unha participación activa por parte do alumnado. Nestas sesións, os estudantes tamén terán a oportunidade de familiarizarse co modelo de exame final. As clases expositivas e interactivas serán complementadas por titorías, para grupos pequenos ou individuais, dedicadas a supervisar aos estudantes e a promover unha aprendizaxe autónoma.

As tarefas levaranse a cabo de xeito individual, en parellas e en grupos de tres ou catro persoas. A maior parte destas tarefas realizaranse na aula nas sesións interactivas, aínda que algunhas actividades requirirán de traballo autónomo por parte do alumnado. A metodoloxía empregada será unha mestura dos enfoques da escritura como proceso e como produto final. O enfoque procesual fomenta que os estudantes desenvolvan a súa capacidade de pensamento crítico sobre temas diversos, mentres que o enfoque produtivo, pola outra banda, axuda ao alumnado a satisfacer as expectativas dun lector nativo.

No transcurso das sesións expositivas e interactivas empregaranse os recursos dos que dispón a aula —o ordenador, o proxector e a pantalla— para proxectar as presentacións que servirán para a explicación dos contidos. Todo o material empregado na aula, así como calquera recurso adicional que poida ser útil para a unidade didáctica, porase á disposición do alumnado a través do Campus Virtual da universidade.

Tarefas propostas

Suxírense as seguintes tarefas co fin de alcanzar os obxectivos expostos na presente unidade didáctica. Tarefas a realizar na aula:

- Actividades e tarefas en grupo e individuais de carácter práctico destinadas a consolidar os conceptos explicados na aula e practicar as técnicas de escritura en lingua inglesa, particularmente no relativo aos ensaios discursivos.
- Redacción na aula dos distintos tipos de ensaios discursivos vistos durante o desenvolvemento da unidade didáctica. Esta actividade servirá, ademais de para poñer en práctica os contidos estudados nas sesións expositivas, para avaliar a comprensión dos mesmos por parte do alumnado (véxase Anexo).
- Todas as tarefas serán corrixidas conxuntamente na aula e as respostas do alumnado serán obxecto de debate e reflexión. Isto permitirá aclarar e reforzar aquelas nocións que non queden claras ou que xeren dúbidas.

Tarefas para realizar fóra da aula (de carácter optativo):

- Redacción adicional de ensaios discursivos de tema libre para consolidar os aspectos traballados na aula.
- Actividades e tarefas de reforzo sobre os aspectos específicos vistos na aula, como poden ser, no caso dos ensaios discursivos, as oracións temáticas, distintos tipos de conectores formais e estruturas sintácticas impersoais, entre outros.

AVALIACIÓN

Debido ao carácter eminentemente práctico da unidade didáctica, a asistencia e participación por parte do alumnado, principalmente nas sesións interactivas pero tamén nas expositivas, serán dous aspectos fundamentais e terán un peso moi importante no resultado final. A presente unidade didáctica representará aproximadamente un 30 % do total da materia. A avaliación terá lugar en tres fases:

1. Avaliación inicial

Na primeira sesión da presente unidade didáctica levarase a cabo unha proba que servirá para que o profesorado e o alumnado poidan comprobar os coñecementos previos sobre os contidos da unidade. A proba terá un compoñente teórico e outro práctico e os resultados servirán como punto de partida para as seguintes sesións.

2. Avaliación procesual

Ao longo das seguintes sesións, os estudantes realizarán unha serie de tarefas e exercicios individuais e en grupo co fin de consolidar os coñecementos adquiridos durante o desenvolvemento da unidade. Estas actividades versarán sobre as técnicas de escritura de ensaios discursivos vistas na aula. Así mesmo, o alumnado deberá redactar, de maneira presencial e a modo de práctica, a partir de enunciados sobre temas específicos e actuais propostos polo profesorado, diferentes tipos de ensaios discursivos, recoñecendo desta maneira a estrutura correspondente a cada un deles. A función destas tarefas será a de reforzar os conceptos e nocións estudados, así como a de avaliar o estado da comprensión dos mesmos por parte do estudantado.

3. Avaliación final

A avaliación final levarase a cabo mediante un exame. Nesta proba, que será tanto de carácter teórico como práctico, os estudantes examinaranse sobre os contidos globais da materia, que inclúen os contidos da presente unidade didáctica. Teranse en conta tanto os coñecementos sobre as diferentes unidades didácticas como o uso correcto da lingua inglesa, ben sexa sobre cuestións gramaticais ou de estilo e forma.

Tanto na primeira como na segunda convocatoria, a asistencia e participación contará un 10 % da nota final, as tarefas e actividades un 20 % e o exame final un 70 %. Aquele alumnado que conte con dispensa oficial de asistencia a clase será avaliado a través dunha proba escrita, que será o 100 % da súa nota final. O plaxio de materiais, tanto de traballos realizados en anos anteriores como de información presente en internet, implicará un suspenso en toda a materia.

BIBLIOGRAFÍA

Libro de texto

EVANS, Virginia (2000): *Successful Writing. Proficiency*. Newbury: Express Publishing.

Dicionarios (monolingües e bilingües) e vocabulario

Cambridge International Dictionary of Phrasal Verbs (1997). Cambridge: Cambridge University Press.

Cambridge Learner's Dictionary (2001). Cambridge University Press.

Collins Cobuild Dictionary of Phrasal Verbs (1989). Londres e Glasgow: Collins.

COWIE, Anthony Paul e Ronald MACKIN (1993): *Oxford Dictionary of Phrasal Verbs*. Oxford: Oxford University Press.

Diccionario Cambridge Klett Compact (2002). Cambridge: Cambridge University Press.

Diccionario Oxford Study (2000). Oxford: Oxford University Press.

GARCÍA-PELAYO Y GROSS, Ramón (1991): *Gran Diccionario Español-Inglés, English-Spanish*. Barcelona: Larousse.

Macmillan English Dictionary for Advanced Learners (with CD ROM and Workbook) (2002). Oxford: Macmillan Education.

MCCARTHY, Tom (1981): *Longman Lexicon of Contemporary English*. Harlow: Longman.

MCCARTHY, Michael (1995): *Cambridge Word Selector*. Cambridge: Cambridge University Press.

MCCARTHY, Michael e Felicity O'DELL (2002): *English Vocabulary in Use (Advanced)*. Cambridge: Cambridge University Press.

Oxford Spanish-English, English-Spanish Dictionary (1994). Oxford: Oxford University Press.

Oxford Advanced Learner's Dictionary (with CD ROM) (2000). Oxford: Oxford University Press.

PROCTER, Paul (1995): *Cambridge International Dictionary of English*. Cambridge: Cambridge University Press.

REDMAN, Stuart e Ellen SHAW (1999): *English Vocabulary in Use (Intermediate)*. Cambridge: Cambridge University Press.

SINCLAIR, John (1987): *Collins Cobuild English Language Dictionary*. Londres: Collins.

— (1991): *Collins Cobuild English Guides: Volumes 1 e 2*. Londres: Collins.

Gramáticas

EASTWOOD, John (2006): *Oxford Practice Grammar Intermediate*. 2006. Oxford: Oxford University Press.

- HEWINGS, Martin (1999): *Advanced Grammar in Use*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HUDDLESTON, Rodney (1988): *English Grammar. An Outline*. Cambridge: Cambridge University Press.
- MURPHY, Raymond (2004): *English Grammar in Use (with Answers and CD-ROM)*. 3ª ed. Cambridge: Cambridge University Press.
- SINCLAIR, John (1990): *Collins Cobuild English Grammar*. Londres: Collins.
- (1991): *Collins Cobuild Student's Grammar*. Londres: Collins.
- SWAN, Michael (2005): *Practical English Usage*. 3ª ed. Oxford: Oxford University Press.
- SWAN, Michael e Catherine WALTER (1997): *How English Works*. Oxford: Oxford University Press.
- YULE, George (2006): *Oxford Practice Grammar Advanced*. Oxford: Oxford University Press.

Libros sobre escritura académica

- DIYANNI, Robert e Pat C. HOY II (2002): *The Scribner Handbook for Writers*. 4ª ed. Boston: Allyn e Bacon.
- DIYANNI, Robert (2003): *Writing About the Humanities*. 2ª ed. Nova Jersey: Pearson Prentice Hall.
- FAVA-VERDÉ, Amanda e Anthony MANNING (2006): *Essay Writing*. Reading: Garnet Publishing Ltd.
- FOWLER, H. Ramsey e Jane E. AARON (2006): *The Little, Brown Handbook*. 10ª ed. Nova York: Longman.
- GIBALDI, Joseph (2003): *MLA Handbook for Writers of Research Papers*. Nova York: Modern Language Association of America.
- HOGUE, Ann e Alice OSHIMA (2006): *First Steps in Academic Writing*. 3ª ed. Nova York: Longman.
- MCCORMARCK, Joan e Joan SLAGHT (2009): *Extended Writing & Research Skills*. Reading: Garnet Publishing Ltd.
- MILAM, Michael C. A. (2002): *Practical Handbook for Writing in the Humanities*. Boston: Cengage Learning.
- MULVANEY, Mary Kay e David A. JOLLIFFE (2002): *Academic Writing: Genres, Samples, and Resources*. Nova York: Longman.
- OSHIMA, Alice e Ann HOGUE (1998): *Writing Academic English*. 3ª ed. Nova York: Longman.
- Publication Manual of the American Psychological Association*. 5ª ed. (2001). Washington D.C.: American Psychological Association.
- SWALES, John M. e Christine B. FEAK (1998): *Academic Writing for Graduate Students: Essential Tasks and Skills. A Course for Nonnative Speakers of English (English for Specific Purposes)*. Ann Arbor: University of Michigan Press.
- TRUSS, Lynne (2003): *Eats, Shoots, and Leaves. The Zero Tolerance Approach to Punctuation*. Nova York: Avery.
- UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS EDITORIAL STAFF (2003): *The Chicago Manual of Style*. 15ª ed. Chicago: University of Chicago Press.

ANEXO

Ademais dos exercicios presentes no libro de texto empregado (Véxase apartado de Bibliografía) no que atinxe aos ensaios discursivos, o seguinte é un exemplo do tipo de tarefas que se realizarán na aula para consolidar e aplicar os contidos adquiridos durante o transcurso da unidade didáctica:

Exemplo de tarefa

Choose ONE of the following topics, identify the type of discursive essay alluded to, and write a well-developed, well-structured, coherent ESSAY. Please write about 300 words:

- Why do many students drop out of school? Give some possible solutions to this problem.
- Some people think that holiday home swaps can be interesting while other people say it is a potentially dangerous adventure. Discuss the advantages and disadvantages of this type of holiday.
- “When people succeed, it is because of hard work. Luck has nothing to do with success.” Do you agree or disagree?





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

